

**ORGULLO LGTBQI 2022**

# **QUEER CABARET**



**EMPODERANDO A DIVERSIDADE**

**Do 27 de xuño ao 1 de xullo  
CENTRO CULTURAL XAIME ILLA**

Laboratorio escénico de **CABARET**, **PERFORMANCE** e **TEATRO DE RÚA** empoderando a diversidade.  
De luns a xoves de 09:30 a 13:30 h e MOSTRA FINAL o venres 1  
20 PRAZAS. INSCRIPCIÓN GRATUÍTA.



**CONCELLO  
DE POIO**  
Concellería de Cultura



# QUEER CABARET

EMPODERANDO A DIVERSIDADE



Dende o **luns 28 ao xoves 30 de xuño de 2022** terá lugar no **Centro Cultural Xaime Illa de Raxo (Poio)** un **laboratorio de empoderamento** a través do movemente e a danza, o teatro e o cabaré.

Dirixido a todo tipo de persoas, independentemente da súa idade, sexo, xénero, identidade, condición física ou experiencia previa.

Destinado a romper conceptos, explorar os límites do autoconecemento, creación libre e gozosa e mergullo nas características do xénero do cabaré a través dun traballo de deseño do espazo escénico, a atitude e a construción estética.

Durante 4 sesións de 4 horas cada unha convidamos aos participantes a desempolvar a súa pluma, a sacar a súa panteira interior, traballar co seu corpo e coa súa fluidez, e divertirse colocándose diante do espello deformado do esperento.

**Tipoloxía:** Obradoiro escénico con remate en forma de mostra ou intervención callejera

**Duración:** 4 sesións de 4 horas c/u. De luns a xoves de 09:30 a 13:30 h e mostra final o venres 1 de xullo

**Aforo:** Mínimo 5 persoas. Máximo 20 persoas

**Espazo:** Centro Cultural Xaime Illa de Raxo, un Espazo escénico amplo, sen barreiras arquitectónicas, con chan axeitado, con control de iluminación de cara a construír atmósferas e posibilidade de empregar música a un volume medio/alto. A Compañía organizadora aporta escenografía, atrezzo, equipo de son e iluminación, canón de vídeo e ordenador, así como máquina de fume e microfonía para os exercizos.

**IMPORTE:** Nelson Quinteiro. Autor do manual de cabaret contemporáneo "Pequeno Manual das Artes Perversas". Director do Festival Galego de Cabaret en 14 edicións. Director da Compañía Femme Fatale e da Compañía Nelson Quinteiro Cabaret en dúcias de montaxes, tanto de rúa coma de sala. Director artístico de programación de propostas de cabaré como a "Compostela Carpa Cabaret" (Santiago de Compostela, 2009), Portamérica Circo Cabaret (2016) ou Festival "Cabaré Cabaré" (Pontevedra, 2021).

**DATOS DE INTERESE:** Este obradoiro ten sido desenvolvido noutras ocasións e espazos como a Sala L'Mono de Bilbao, Sala hACERIA Arteak de Bilbao, Espazo Danza da Universidade de Santiago de Compostela (*na imaxe*), Fórum Metropolitano da Coruña, Casa Azul de Pontevedra, Salason de Cangas ou en diferentes festivais como o Festival Galego de Cabaré ou Festival FICE 2015 (Festival Iberoamericano de Cabaré de Madrid).



# QUEER CABARET



## EMPODERANDO A DIVERSIDADE

*¿Queres que dea unha definición do cabaret?*

*...Pois tes razón:*

*o cabaret é o arte da escaseza.*

*O que fai que as mans sexan luz.*

*Que a presenza e a actitude definan a narración do espectáculo.*

*É o lugar onde o procaz, a risa e o aceno converten o vulgar en imperio.*

Abordar un LABORATORIO DE CABARÉ é un exercizo tan amplo como xeitos hai de entender o xénero en sí mesmo. Na nosa experiencia ao longo das últimas décadas atopámonos cun abano tan amplo de propostas que nos suxiren unha multitude de formas de entender e abordar este xénero.

Por iso a primeira pauta do laboratorio e que marcará profundamente o desenvolvemento do mesmo é responder á pregunta de QUE ENTENDEMOS POR CABARÉ. A través de exercicios e lecturas colectivas achegámonos a un imaxinario colectivo e sólido sobre o que seguir construíndo un traballo productivo. Como existe na nosa imaxinación, que atmósferas nos suxire, como chegar a un concepto común que nos sitúe e nos encadre, e como conceptualizar o cabaré como un do máis declarado espazo de liberdade sexual, de visibilidade e de ambigüidade.

A segunda pregunta do laboratorio antes de comezar a traballar é QUE PINTO EU NO CABARÉ.

Que habilidades podo aportar, que talentos podo desenvolver, que me apetece ou non facer. Por que estou nun cabaré. Que é o que me atrae hacia o espazo e hacia o xénero.

Dende aí atopámonos con un cadro de recursos humanos que pode ser de moita axuda de cara á planificar o traballo e que este sexa productivo.

Finalmente, nesta primeira fase de achegamento xurde a seguinte pregunta...QUE TIPO DE CABARÉ MONTAMOS? Analizar como funcionamos como grupo, dende o nivel estético, ao conxunto de habilidades que amosamos cara fóra o el nivel dos talentos individuais ou en colectivo de cara a ir planificando un traballo de "Laboratorio" que nos dea uns resultados específicos.

Este traballo materializarase nunha proposta de cabaré colectivo de cara á súa posta en escena e representación, de cara a que os alumnos e alumnas poidan implementar e comprobar as pautas xerais do curso.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

# QUEER CABARET



## LA PIUMA É BELLA

Unha das características máis identificables do cabaré como xénero radica no ensalzamento da ambigüedade e o constante xogo, tanto a través da interpretación coma do vestuario e atrezzo coa elasticidade dos xéneros e as indeterminadas liñas borrosas entre os sexos. Ademais de traballar estes aspectos, centrarémonos no concepto de "pluma" de cara a empoderala, amplificala e facer desta ferramenta a mellor das nosas armas, reflexionando, ademais, e combatindo a epidemia de "plumofobia" que se vive tanto dentro como fóra do colectivo LGTBQI.

## TODO/A PARRULO/A AGOCHA UN CISNE

A construción da personaxe, en cabaré toma como punto de partida o propio "eu" de cara a convertilo nese "eu" que habitaría un cabaré berlinés atemporal. Deste xeito hai un traballo sobre o ego e a autoestima de alta intensidade, de cara ao empoderamento personal. É un traballo de ego, ademais, concomitante cos meus compañeiros/as/es de elenco, polo que tamén é un exercicio de sinceridade e xenerosidade personal. Axudaremos a estirar o pescozo aos noso parrulos/as/es, abrir ben as ás e brilar con luz própia.



## A VIDA, DENDE A PERSPECTIVA DUNS TACONAZOS

Traballo do humor e, sobre todo da frivolidade, aprendendo a reinos de nós mesmos/as/es e reinos en grupo. No cabaré subímonos a uns tacóns reais pero tamén figurados, para ver a vida dende un novo prisma máis colorido, alegre, desenfadado, descarado e por veces frívolo, como actitude escénica pero tamén vital.



## E QUE NON FALTE BRILLI BRILLI

O cabaré é fantasía, purpurina, maquillaxe, perrucas, boas de plumas, saias curtas e vaivéns. Saquearemos o fondo de roupeiro e todo tipo de complementos nos almacéns de cercanía e luxo oriental para construír un auténtico outfit cabareteiro a punto de subirse a unha carroza ou pisar os escenarios do mesmísimo Moulin Rouge. Con un punto de perralleirismo encantador e encanto bizarro, que nos chifla.

¿Como ía ser doutro modo?  
Estamos no cabaré!!!!





# QUEER CABARET



## EMPODERANDO A DIVERSIDADE

*Dar moito con moi pouco. Dar moito con moito. Subir para as alturas do momento e á experiencia de se sentir magnífica, de ser estupenda, de ser o albo de todos os desexos... de mandar. De che ensinar o que eu queira, porque a miña sedución é de seu, privada, lúdica, ficticia e mutua. Porque se algo ten de maravilloso o cabaré é que se trata dun espectáculo de dominio, onde o público acaba a che comer pola man... E fano cas túa. Son os teus invitados e sométense á pulla, á vexación, á retransca de quen habita a escena.*

### NELSON QUINTEIRO CABARET

Cangas. 1979.

Politólogo de formación. Coreógrafo, cantante, actor, bailarín, escritor, produtor e director de escena por vocación.

Vencellado ao mundo do cabaret, a música e o teatro de rúa desde 1998.

En 2006, crea o Festival Galego de Cabaret de Galicia, un escaparate de música, danza e teatro único na península arredor do cabaré. No ano 2020 o festival festexa a súa 14 edición, tendo pasado por Concellos como Oleiros (2006), Pontevedra (2007), A Coruña (2008-2020) e Redondela (2016-2018)

Desde vai case dúas décadas artella as súas propias montaxes, tanto de rúa coma de sala, dando sempre unha volta de parafuso ao cabaré e cunha linguaxe e selo moi particular no que a muiñeira pode mesturarse cun tango ou cun cuplé, sempre con música en directo e unhas propostas moi descaradas. "Lerchas" (2006), "Varadas" (2008), "Cabaréncrise" (2009), "As Nenas Perdidas" (2010), "Master Class Cabaret" (2012), "Babel" (2015), "Novecento Cabaret" (2017) ou "Fala-Me. Trad Cabaré" (2021) dan boa mostra disto.

En paralelo ao traballo de produción e dirección tense verquido por completo ao aspecto da formación, impartindo multitude de obradoiros e laboratorios desde 2005.

A día de hoxe Nelson Quinteiro aparece como un dos referentes máximos do cabaré feito en Galicia e en España.

Ten participado no Festival Iberoamericano de Cabaré de Madrid 2015, no Festimad Cabaret 2015,, no Cabaret Flotante de Madrid 2016 , no Festival TRAN TRAN de Fuerteventura, na Feira Modernista de Cartagena ou no Festival NOSOLO CIRCO de Extremadura 2018, etc...

Ten creado e dirixido propostas como "Noites Efervescentes" en Ferrol, "Compostela Carpa Cabare" en Santiago de Compostela, "BRANCAS. Itinerario Escénico Urbano" en A Coruña, a co-produción "Gharbo!" co Centro Coreográfico Galego, a produción Portamérica Circo Cabaré, o Festival "Cabaré Cabaré 2021" para o Concello de Pontevedra, etc...

O QUE TÉS QUE TRAER AO LABORATORIO:

# QUEER CABARET



## ROUPA NEGRA E AXUSTADA

Queremos desfrutar dos vosos corpiños. Para os dinámicas de laboratorio precisamos roupa cómoda e axustada, preferiblemente negra, e calzado deportivo para as dinámicas máis coreográficas. As mallas e as camisetas de lycra sempre son unha boa opción. Queremos que te sintas como no estudio de "All that Jazz" de Bob Fosse.

## CALZADO DE VESTIR E TACONAZOS

Unha boa cabareteira que se preze non é ninguén sen os seus tacóns. Precisamos que exercites os tornecelos, que pises con seguridade, que estilies a tua presenza escénica, e por iso, os zapatos de vestir e os tacóns son importantes, independentemente do teu xénero e do número que calces.



## MAQUILLAXE, PURPURINA

construiremos a nosa máscara en cabaré, polo que precisamos que traias o teu propio arsenal de base, polvo compacto, colorete, carmín, máscara de pestañas, vaselina e moita purpurina para crear o teu alter ego cabareteiro. Dende propostas sinxelas ata outras máis grotescas e drag queen. Pintarémonos como portas!!!



## UN BO FONDO DE ARMARIO

Desfonda o roupeiro e trae todas as prendas máis especiais e de festa, bisutería, complementos, boas de pluma, lentejuelas, panos, abanicos, tocados, luvas, e todo o que consideres axeitado para amosar nunha mostra de cabaré. Faremos un mercadillo! Vai ser ben divertido!

# QUEER CABARET



## INSCRIPCIÓN

Poderás inscribirte a través dun formulario que estará habilitado na páxina [www.nelsonquinteiro.com/queer](http://www.nelsonquinteiro.com/queer) onde describiremos toda a proposta e contidos desta proposta formativo-lúdica.

Tamén podes encher esta folla e enviala por whatsapp ao 647647404 ou por correo electrónico a [nelson.quinteiro@gmail.com](mailto:nelson.quinteiro@gmail.com)

**NOME E APELIDOS:** .....

**IDADE:**.....

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:**.....

**NÚMERO DE TELÉFONO:**.....

**¿TOCAS ALGÚN INSTRUMENTO? ¿CAL?**.....

**DESCRIBE BREVEMENTE A TÚA EXPERIENCIA**

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

**DATOS DE CONTACTO:**

Nelson Quinteiro Roa  
(+34) 647647404  
[nelson.quinteiro@gmail.com](mailto:nelson.quinteiro@gmail.com)  
[www.nelsonquinteiro.com](http://www.nelsonquinteiro.com)  
[www.nelsonquinteiro.com/queer](http://www.nelsonquinteiro.com/queer)



**CONCELLO  
DE POIO**  
Concellería de Cultura